

# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CEIP O PIÑEIRIÑO  
CURSO: 2019/20  
MATERIA: Pedagogía terapéutica  
DEPARTAMENTO: ORIENTACIÓN  
DATA:08/05/2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

## ÍNDICE

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.
2. Avaliación e cualificación.
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)
4. Información e publicidade.

<b>1. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)</b>	
<b>Actividades</b>	<p>Dende a aula de PT ofrécese apoio ao alumnado e as súas familias nos mesmos ámbitos nos que se estaba a traballar nos dous primeiros trimestres, adaptando o seu deseño ás necesidades particulares das familias.</p> <p>Así, decidimos subir á aula virtual recursos variados (ou ligazón aos mesmos) en colaboración cos mestres de AL. Neste momento temos tres cursos abertos: Linguaxe oral, lectura e escritura e Soy visual. Seguimos traballando para engadir máis recursos que, ao estar en aberto, poidan beneficiar non só ao alumnado que recibe apoio senón ao resto. Comunicamos a todo o profesorado o que imos aportando para que, nos seus cursos, inclúan ligazóns aos nosos.</p> <p>Co alumnado que non ten autonomía no uso das TIC ou as súas familias non teñen facilidades para utilízalas, organizamos material impreso que lles facemos chegar aos seus domicilios.</p> <p>Parte do alumnado que recibe apoio está a seguir as actividades propostas polos seus mestres da aula ordinaria, polo que o apoio faise telefónicamente ou en videochamada para solucionar dúbidas, realizar tarefas ou utilizar con autonomía a aula virtual. Para este apoio, estamos en comunicación constante cos titores e titoras e visitamos a cotío os seus cursos da aula virtual.</p>
<b>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)</b>	<p>A maioría das familias do alumnado atendido na aula de PT ten conexión a internet e polo tanto ten acceso á aula virtual.</p> <p>En coordinación cos mestres de AL, na aula virtual creáronse varios cursos (Linguaxe Oral, Son visual e Lectoescritura), con diferentes actividades e recursos. As familias dos nenos/as poden acceder ás actividades propostas. Estas actividades están seleccionadas de xeito que se poden realizar na casa, os pais poden acompañar aos nenos/as para facelas xuntos, son actividades motivadoras e atractivas, nas que o compoñente visual é moi importante, moitas son interactivas e a maioría delas preséntanse como un xogo, atendendo así ao carácter lúdico que debe acompañar ao traballo proposto neste tempo.</p> <p>Os nenos/as sen conexión a internet ou con dificultades no uso das TIC reciben nos seus domicilios traballo impreso en fichas relacionado cos contidos e competencias que estaban a desenvolver no centro co apoio de PT. A elaboración do traballo para este alumnado faise en coordinación cos seus mestres titores/as, co fin de facilitarlle recursos que sexan axeitados e que sexan continuidade do que se estaba a traballar no colexio, valorando ademais a capacidade e dispoñibilidade da familia para axudalos.</p>
<b>Materiais e recursos</b>	<p><b>Recursos subidos á aula virtual:</b>  <b>Cursos Linguaxe Oral e Son Visual:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- <b>Respiración e sopro:</b> “Pipa de sopro”, “A trompa do elefante”, “Carreira de vermes”.</li> <li>- <b>Praxias:</b> “Conto do verme”.</li> <li>- <b>Discriminación auditiva e fonética:</b> “Xogamos a adiviñar se soan igual estas palabras” (1ª e 2ª parte), “Xogo das rimas. Comezan igual”, “Xogo das rimas. Terminan igual”, “Discriminamos fonemas l-r”, “Discriminamos fonemas r-rr”, “Discriminamos fonemas s-z”.</li> <li>- <b>Conciencia fonolóxica:</b> “Adiviña que palabra queda”, “Elixo as sílabas correctas”, “Discriminar sinfóns, de ARASAAC”, “Onde leva...Traballamos cos sinfóns”</li> <li>- <b>Conciencia silábica:</b> “Comezan igual. Sílabas directas” (niveis 1 e 2), “Comezan igual. Sílabas inversas”, “Comezan igual. Sílabas mixtas e trabadas”(4 actividades) “Contar sílabas. Interactivo” (8 actividades).</li> </ul>

- **Articulación fonética:** “Actividades de mellora de articulación dos fonemas”, “Aprende xogando cos sinfóns”, “Caderniño de articulación do s”, “Caderniño de articulación do r”, caderniño de articulación do rr”.
- **Vocabulario:** “Xogamos a adiviñar quen é quen. As profesións”, “Xogamos a adiviñar de quen ou de que se trata”, “Adiviñamos a resposta correcta”, “A primavera. Preguntas e respostas”, Material comer e beber”, “Que é e para que serve?”
- **Construcción sintáctica:** “Aprendemos a construír frases”, “Traballamos as oracións coordinadas copulativas”.

**Curso Lectoescritura:**

- **Nivel 1: Vogais:** Xogos coas vogais; **consonantes en sílabas directas:** LIM “Aprendendo a ler xogando”, LIM “Lectoescritura, xoga e aprende”, LIM “Lectoescritura 1. ARASAAC”, “Aprendizaxe da lectoescritura”.
- **Nivel 2: resto de consonantes:** “Aprende a ler e escribir con Edilim”; **sílabas inversas:** “Aprende a ler e escribir con Edilim”; **sílabas trabadas:** ligazón ao blogue “Xoga e aprende” de Salud Zambrana.

Neste curso ofrécense diferentes ligazóns para que as familias poidan dispoñer de materias imprimibles de lectoescritura para os dous niveis mencionados arriba.

**Recursos personalizados:**

- Alumno 1: traballo de grafomotricidade e motricidade fina. Pautas á familia.
- Alumno 2: Programa de lectura rápida. Pautas á familia. Apoio na realización das actividades propostas polo seu profesorado.
- Alumnos 3 e 4: fichas de lectura comprensiva e copias do caderniño de Lingua castelá de la Calesa de 2º de EP.Unidade didáctica de matemáticas sobre os euros. Material para plástica (con actividades de pintar, recortar, pegar, construír) e xogo impreso para toda a familia. Seguimento e axuda na realización dalgunhas actividades propostas polo seu profesorado.
- Alumnos 5 e 6: seguimento xunto co seu titor.
- Alumno 7: fichas de lectura comprensiva e de reforzo de aprendizaxe da lectoescritura.Reforzo na área matemática: operacións básicas de suma e resta, numeración ata o 100, unidade didáctica “os euros”. Material para plástica (con actividades de pintar, recortar, pegar, construír)
- Alumno 8:seguimento e axuda na realización dos tarefas propostas polo seu profesorado.
- Alumno 9: preparación de material impreso de iniciación á lectoescritura, numeración básica, unidade didáctica “os deportes”.

<b>2. Información e publicidade</b>	
<b>Información ao alumnado e ás familias</b>	Comunicación coas familias a través de chamada telefónica, videochamada e/ou mensaxe de WhatsApp.
<b>Publicidade</b>	Publicación obrigatoria na páxina web do centro.